



Yolanda Barriocanal López

Profesora Titular. **Área:** Historia da Arte. **Departamento:** Historia, Arte e Xeografía.

Despacho: 2º Pavillón. Andar 1º. Local 27. **Tfno.:** 988 38 71 40. **E-mail:** barriocanal@uvigo.es

Doutora en Historia da Arte pola Universidade de Valladolid (1985) e profesora titular na Área de Historia da Arte da Universidade de Vigo, onde desde 1990 desenvolve a súa labor docente e investigadora.

Neste último campo dirixe o seu traballo cara o estudo da Arte Galega do Renacemento e Barroco. Froito do mesmo é a súa actuación como comisaria de exposicións, colaborando e intervindo en catálogos, congresos nacionais e internacionais e numerosas publicacións científicas, abordando temas diversos no campo da arquitectura, pintura, escultura, pratería, gravado, camiños históricos e arte efémera.

Vicedecana (2002-2004) e Secretaria da Facultade de Historia (2009-2011). Vocal da Comisión Territorial de Monumentos de Ourense, en calidade de persoa de recoñecido prestixio e coñecemento en materia de Patrimonio Cultural, pola Consellería de Cultura e Deporte (2007- 2010). Formou parte do equipo redactor do estudo do territorio histórico vinculado á Vía da Prata, para a elaboración da proposta de delimitación do seu trazado e das súas zonas de protección, convocado pola Xunta de Galicia (2008), e coordinou as Xornadas sobre “A protección dos camiños históricos de Galicia”, xunto a Carlos Nárdiz, no Consello da Cultura Galega (2013).

NA ACTUALIDADE

Membro do Grupo de Investigación “Arte e Cidade. AH2”, participando en diversos proxectos de investigación e difusión do Patrimonio histórico-artístico. Os seus estudos diríxense na actualidade cara a atención dos camiños históricos e a súa particular dimensión patrimonial, así como a escultura ourensana nos séculos XVI e XVII.